
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE DECEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: documento básico de mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela. Ámbito: Camiño Francés – Monte do Gozo, de clave: AC/17/012.10.1, no Concello de Santiago de Compostela.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario peonil na AC-305. Treito: Tallós - Muro Novo. p.q. 2 + 730 - 3 + 690, de clave: AC/17/105.06, no Concello de Dodro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea o Rexistro de Pacientes con Enfermidades Raras da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o anticipo do 80% na convocatoria para o ano 2019 das subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de

lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a execución das obras da segunda fase da posta en valor da Ponte Vella de Ourense, por importe total dun millón cento cincuenta e dous mil vinte e cinco euros con trinta e nove céntimos (1.152.025,39 €). Tramitación anticipada.
- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras da fase 1 do Complexo Hospitalario de Ferrol, clave: AC/18/178.30, por importe de cincuenta e seis millóns oitocentos dous mil oitocentos catro euros con cinco céntimos de euro (56.802.804,05 €) e un valor estimado de corenta e seis millóns novecentos corenta e catro mil catrocentos sesenta e seis euros con dezaseis céntimos de euro (46.944.466,16 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2019 das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (Galicia Rural Emprende), por un importe total de catro millóns vinte e tres mil cincocentos euros (4.023.500 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Cortegada para a rehabilitación da edificación "Baños de Cortegada", por un importe total de catrocentos mil euros (400.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a sinatura do convenio de colaboración que se formalice ao abeiro da resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense). Importe total: nove millóns trescentos oitenta e un mil oitocentos un euros con vinte e catro céntimos (9.381.801,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a sinatura dos convenios de colaboración que se formalicen ao abeiro da resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra. Importe total: un millón oitocentos cincuenta e sete mil dous centos quince euros con seis céntimos (1.857.215,06 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a exención das garantías ao abeiro do artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvinda, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria. Importe total: trinta e seis millóns cento setenta e nove mil cincocentos setenta e seis euros (36.179.576 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e diversas entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por un importe de

once millóns seiscientos corenta e dous mil oitocentos oito euros con cincuenta e tres céntimos (11.642.808,53), e a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para as anualidades 2019, 2020 e 2021, por un importe total de trece millóns seiscientos setenta e un mil euros (13.671.000 €) cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020 ; así como a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA A MELLORA E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DO CAMIÑO FRANCÉS NO MONTE DO GOZO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 845.000 EUROS

- *Esta actuación fai necesaria a expropiación de 7 predios, destinándose unha partida de preto de 29.000 euros para o pagamento dos terreos*
- *Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras e procederá ao levantamento de actas previas no primeiro semestre de 2019*
- *A intervención no Monte do Gozo é a primeira das que se van realizar no Camiño Francés, e enmárcase na estratexia da Xunta de dotar de identidade común ás entradas na capital de Galicia das diferentes rutas xacobeas cara ao vindeiro ano santo 2021*
- *O proxecto neste tramo céntrase na reordenación da contorna ata o paso da estrada N-634 sobre a AP-9, mellorando o tránsito do peregrino ao longo da traza do camiño e favorecendo o uso da contorna polos veciños do lugar*
- *A Xunta ten planificadas 10 actuacións nos Camiños en Compostela cuxas obras comezarán a executarse en 2019 para telas rematadas a mediados de 2020*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de mellora e integración paisaxística do Camiño Francés no Monte do Gozo, no Concello de Santiago.

O orzamento estimado desta nova intervención impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ascende a preto de 840.000 euros, aos que se engaden preto de 29.000 euros para o pagamento das expropiacións das 7 predios necesarios para esta actuación. Nas vindeiras semanas está previsto iniciar a contratación das obras e o levantamento de actas previas realizarase no primeiro trimestre de 2019.

O Executivo autonómico da así o visto e praxe para a materialización desta primeira actuación no Camiño Francés, que se enmarca dentro da estratexia da Xunta para optimizar as entradas na capital de Galicia das diferentes rutas xacobeas.

Trátase de dotar dunha imaxe de identificación internacional común a ruta xacobeas, que pretende conseguir que no vindeiro ano santo do 2021 o Camiño sexa claramente visible e identificable nas zonas urbanas da capital de Galicia, favorecendo o tránsito dos peregrinos sobre o tráfico rodado, así como a posta en valor e disfrute dos espazos polos que transcorre.

Actuacións no Monte do Gozo

A estratexia de mellora e integración paisaxística do Camiño francés, ao seu paso polo Monte do Gozo, céntrase na reordenación da contorna ata o paso da estrada N-

634 sobre a autoestrada AP-9, mellorando a visual do peregrino ao longo da traza do camiño e reducindo o tránsito de vehículos no tramo coñecido coma rúa do Gozo. Tamén cabe destacar a grande importancia que a dita actuación terá para os veciños do lugar.

As principais actuacións previstas no alto do Monte de Gozo comezan coa intervención no treito inicial, que coincide coa zona da capela de San Marcos, onde se creará unha nova praza na fronte da capela, que terá árbores de especies autóctonas e a que se dotará de iluminación para destacar puntos singulares como a entrada do adro.

A senda de baixada para o peregrino partirá do adro da capela de San Marcos, atravesará a carballeira existente e continuará o seu trazado en paralelo á calzada actual e separada desta por unha zona verde. A medida que o camiño descende garantirase unha anchura mínima da pista natural de 3 metros. Xa no núcleo de San Marcos, a partir do cruzamento coa rúa do Gozo, executarase unha plataforma continua de formigón que permitirá a convivencia de veciños, peregrinos e vehículos e coidando especialmente a zona fronte ás vivendas.

O tramo final deste ámbito resolverase mediante unha pasarela de percorrido accesible que conectará este punto da rúa do Gozo coa N-634 e o seu paso sobre a AP-9, eliminando as actuais escaleiras. Cabe salientar ademais que no tramo da actuación unicamente se permitirá o tráfico de subida cara ao Monte do Gozo.

As actuacións nos camiños de Santiago

Esta estratexia de mellora e integración paisaxística dos camiños prevé que as actuacións se desenvolvan seguindo criterios de deseño homoxéneos e que contribúan a facelos facilmente recoñecibles.

En concreto a esta actuación no Monte do Gozo sumaranse as proxectadas tamén no Camiño Francés, en San Lázaro e os Concheiros, así como as definidas no Camiño Portugués, no barrio de Conxo, e no Camiño Inglés no polígono do Tambre e na rúa Mulas.

Neste sentido, o pasado 22 de novembro o Executivo autonómico deu o seu visto e prace ao ás 10 actuacións planificadas desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nos camiños de Santiago na cidade de Compostela, cuxas obras comezarán a executarse en 2019 para telas rematadas a mediados de 2020.

No seguinte plano amósase a área da intervención:



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUN ITINERIO PEONIL E CICLISTA ENTRE TALLÓS E BEXO, NO CONCELLO DE DODRO, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 245.000 EUROS

- *O proxecto prevé a execución de 3 treitos de senda na estrada autonómica AC-305 que completan o itinerario existente na marxe dereita desta vía, entre os lugares de Tallós e Bexo*
- *Esta actuación enmárcase na estratexia deseñada polo Goberno galego para a promoción de contornos urbanos seguros, onde se prima a mobilidade sustentable e a mellora da accesibilidade e calidade de vida da cidadanía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución dun itinerario peonil e ciclista na estrada autonómica AC-305, Padrón-Ribeira, no Concello de Dodro.

O orzamento da actuación impulsada a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a mellora das condicións de mobilidade dos usuarios máis vulnerables das estradas ronda os 245.000 euros, incluíndo a partida destinada ao pagamento dos titulares das 79 parcelas necesarias para esta actuación. Nas vindeiras semana está prevista a licitación das obras.



Esta intervención do departamento de Infraestruturas da Xunta prevé a execución de 3 tramos de senda, que xunto cos tramos xa existentes, permitirán completar un itinerario peonil na marxe dereita da estrada AC-305 entre os lugares de Tallós e Bexo.

As sendas que se van construír suman máis de 1,5 quilómetros e terán 2 metros de largo, iniciándose a actuación á entrada de Tallós, entre os puntos quilométricos 2+450 a 2+570, seguindo de Tallós a Muronovo, puntos quilométricos 2+920 a 3+630, e rematando no tramo de Mo a Bexo, puntos quilométricos 5+155 a 5+875.

A actuación inclúe executar os traballo de canalización das augas de drenaxe e as canalizacións necesarias que permita nun futuro a instalación de iluminación se é preciso.

Cómpre lembrar que esta actuación aprobada polo Executivo autonómico se enmarca na estratexia deseñada pola Xunta para a promoción de contornos urbanos seguros, fomento da mobilidade sustentable e a mellora da accesibilidade e calidade de vida da cidadanía.

No seguinte plano amósase o ámbito da actuación:



A CREACIÓN DO REXISTRO DE PACIENTES CON ENFERMIDADES RARAS PERMITIRÁ UNHA MELLOR PLANIFICACIÓN E XESTIÓN SANITARIA DO TRATAMENTO DESTAS PATOLOXÍAS

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regula a creación deste rexistro en Galicia*
- *O rexistro galego actuará en coordinación co estatal, facilitando así a comparación entre as comunidades autónomas e con outros países*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se crea e regula por primeira vez o rexistro de pacientes con enfermidades raras da Comunidade Autónoma de Galicia (RERGA). A súa finalidade principal é a de proporcionar información epidemiolóxica sobre a incidencia e prevalencia deste tipo de enfermidades en Galicia, así como dispoñer de coñecemento sobre a súa evolución, permitindo orientar a planificación e xestión sanitaria, as actividades preventivas e asistenciais e a investigación.

Tamén terá como finalidade colaborar co Rexistro estatal de enfermidades raras, facilitando así a comparación entre as comunidades autónomas e con outros países. O RERGA estará integrado no sistema de información sanitaria do Sergas e dependerá do órgano competente en materia de asistencia sanitaria.

O papel da información sanitaria é particularmente relevante no caso das enfermidades raras, e convértese nun desafío para os sistemas de saúde. A limitación na obtención de datos clínicos fiables e exhaustivos reside, sobre todo, na dispersión xeográfica dos casos, na dificultade de establecer un diagnóstico definitivo e na complexidade da integración dos múltiples subsistemas de información sanitarios onde se rexistran os datos con relevancia asistencial.

Funcións do rexistro galego

As funcións do RERGA son recoller, integrar e analizar os datos procedentes dos sistemas de información sanitaria da Consellería de Sanidade, coa finalidade de obter datos socio-demográficos e clínico-epidemiolóxicos que permitan levar a cabo actividades de prevención, planificación e asistencia sanitaria destas enfermidades. Ademais, normaliza a información de acordo con pautas homologadas no ámbito internacional.

Serán tamén funcións do rexistro, avalialo e melloralo, mantendo unha información fiable, completa e actualizada sobre as persoas afectadas por enfermidades raras que sexan obxecto de rexistro; así como realizar informes periódicos e publicacións co fin de mellorar o coñecemento e dar visibilidade a estas enfermidades.

Engadido a todo o anterior, a creación do rexistro facilita a coordinación das unidades

do Sergas que interveñen na asistencia sanitaria, con asociacións de pacientes e con outras institucións, e contribúe ao desenvolvemento de liñas de investigación prioritarias sobre as enfermidades raras e con calquera outra actividade que abunde no mellor coñecemento delas.

Incidencia das enfermidades raras

En España hai máis de 3 millóns de persoas con enfermidades pouco frecuentes, o que da unha cifra estimada para Galicia de 180.000 persoas. Cómpre sinalar que existen ao redor de 7.000 enfermidades raras que afectan o 7% da poboación mundial.

Considérase caso rexistrable, para os efectos da súa inclusión no RERGA, aquelas enfermidades con perigo de morte ou invalidez crónica que afecten menos de 5 persoas por 10.000 habitantes. Estímanse tamén rexistrables aqueles tumores cuxa incidencia no ámbito da Unión Europea é menor a 6 casos por 10.000 habitantes. Quedan excluídas do RERGA aquelas enfermidades raras cun prognóstico benigno cun tratamento convencional.

A XUNTA ABOARÁ EN XANEIRO UNHA AXUDA DE 206 EUROS A 39.000 GALEGAS E GALEGOS QUE TEÑEN AS PENSIÓNS MÁIS BAIXAS

- *Investiranse máis de 8 millóns de euros nesta achega económica que beneficiará a perceptores de pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos*
- *En 2019 manterase este complemento extraordinario, xa recollido nos orzamentos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un complemento extraordinario de 206 euros para as galegas e galegos que reciben unha pensión non contributiva, axuda do Fondo de Asistencia Social ou o subsidio de garantías de ingresos mínimos. Arredor de 39.000 persoas beneficiaranse desta prestación que se ingresará de oficio o vindeiro mes de xaneiro a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos.

A Administración autonómica destinará máis de 8 millóns de euros a esta achega de carácter social que ten por obxecto contribuír a mellorar a renda das persoas cun nivel reducido de ingresos. Este complemento aboarase nun pagamento único mediante transferencia bancaria e non precisa de solicitude previa, xa que este se realizará de oficio.

Un ano máis, o Goberno galego mantén esta axuda dirixida aos perceptores de pensións non contributivas, dentro do seu compromiso de seguir a apoiando as persoas e familias con menos recursos. Unha vontade que se volve plasmar nos orzamentos de 2019, que inclúen unha partida económica que garante a continuidade deste complemento.

Nesta liña de apoiar aos colectivos con menos recursos, cómpre indicar que os presupostos autonómicos para o vindeiro ano destinan a políticas activas de inclusión 119 millóns de euros, un 70% máis do que se destinaba a esta finalidade en 2009.

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 5,1 MILLÓNS DE EUROS O ORZAMENTO DESTINADO Á PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Incluirase por primeira vez como beneficiarias as mulleres vítimas de “violencia vicaria”, isto é, aquelas que padezan o asasinato dos fillos/as a mans do maltratador*
- *As axudas, cuxa solicitude está aberta de forma permanente, consisten nunha contía mensual que varía en función das circunstancias de cada persoa*
- *Hoxe tamén se aprobou un investimento de 910.000 euros para entidades de iniciativa social que traballen con mulleres en situación de especial vulnerabilidade*

A Xunta destinará máis de 5,1 millóns de euros a financiar a prestación periódica dirixida a mulleres vítimas de violencia de xénero na convocatoria plurianual de 2019-2020, o que supón incrementar en máis de 1,4 millóns o orzamento destinado a este fin na anterior convocatoria. A convocatoria está aberta de forma permanente e pode ampliarse no caso de que sexa necesario para atender a todas as solicitudes.

Así se aprobou hoxe no Consello da Xunta, que deu o visto e prace ás bases reguladoras destas axudas, nas que se incluírán, por primeira vez como beneficiarias as vítimas da “violencia vicaria” ou “per interpósita persoa”, isto é, aquelas mulleres que padezan o asasinato dos seus fillos/as a mans do maltratador.

Ademais, e de acordo co aprobado onte no Parlamento, tamén se acometerá unha modificación nesta resolución para ampliar nesta convocatoria as potenciais beneficiarias. Ata agora, eran aquelas persoas con ingresos menores ou iguais a 1,5 veces o IPREM, e agora ampliarase a aquelas con ingresos menores ou iguais a 2 veces o IPREM.

O obxectivo desta iniciativa é garantir as vítimas unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que mantivera sobre elas unha relación de dominación (no caso das vítimas de trata con fins de explotación sexual), de xeito que se lles facilite dar o primeiro paso para romper con esta situación.

A axuda consiste nunha contía económica que se percibe mensualmente, e que oscila entre os 300 e os 800 euros, en función dos ingresos da persoa beneficiaria, dos fillos/as menores ao seu cargo ou que padeza algún tipo de discapacidade.

Atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o investimento de 910.000 euros - cofinanciados polo Fondo Social Europeo- destinados ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolven programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Enténdese por mulleres en situación de especial vulnerabilidade as vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica, ou reclusas, entre outros supostos.

Ao abeiro desta convocatoria subvencionaranse programas integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos; e programas de atención personalizada para aquelas mulleres pertencentes aos colectivos anteriormente expostos.

As actuacións dos programas deberán incluír actividades como servizos de orientación e información, de atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación intercultural e/ou familiar, adquisición de habilidades persoais e sociais ou medidas de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OURENSE PARA EXECUTAR A 2ª FASE DA POSTA EN VALOR DA PONTE VELLA E A SÚA CONTORNA, CUN INVESTIMENTO DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS

- *Os obxectivos desta 2ª fase son a mellora e a adecuación do contorno da ponte e da Capela dos Remedios para reforzar a imaxe unitaria e o vínculo entre estes dous elementos patrimoniais representativos da cidade*
- *Liberarase a zona do parque de skate, acadando unha antesala á capela e unha conexión coa ponte e a Oficina de Turismo, favorecendo as conexións peonís desde distintos puntos da cidade cara a este conxunto patrimonial*
- *Construirase un novo parque de skate no barrio do Couto, medida que resultará beneficiosa para os afeccionados a este deporte, que contarán cun espazo propio para practicalo, máis adaptado e mellor integrado no contorno urbano*
- *Habilitarase un miradoiro, elevado respecto á estrada N-120, desde o que contemplar as vistas sobre a Ponte Vella, o río Miño e toda a área da capela*
- *Reformarase a baixada ao Paseo das Ninfas, creando un camiño máis accesible*
- *Estes traballos súmanse aos realizados en 2016 nunha 1ª fase que se centrou na conservación e na restauración da infraestrutura, na retirada da tubaxe que a cruzaba, así como no cambio da iluminación para realzar a súa monumentalidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e de Cultura e Turismo e o Concello de Ourense para a execución das obras da 2ª fase da posta en valor da Ponte Vella e da súa contorna, cun investimento de case 1,2 millóns de euros.

Esta colaboración entre administracións posibilitou que en 2016 xa se acometese a 1ª fase deste proxecto, centrándose na conservación e restauración da infraestrutura e na retirada da tubaxe que a cruzaba. Tamén se efectuou un cambio da iluminación, con luminarias led, de cara a realzar a monumentalidade da ponte vella e potenciar o seu atractivo turístico.

O proxecto, na 2ª fase autorizada hoxe, ten como obxectivo a mellora e a adecuación do contorno da ponte e da Capela dos Remedios para reforzar a imaxe unitaria e o vínculo entre estes dous elementos patrimoniais representativos da cidade.

Trátase dun conxunto de accións para lograr un espazo de continuidade que poida ser aproveitado polos veciños como lugar de disfrute e encontro, e tamén como punto de referencia obrigada para todos os turistas que se acheguen ata Ourense.

Para lograr unha maior permeabilidade entre a ponte e a capela, substituiranse certos elementos do mobiliario que minimizan o valor estético da contorna e impiden dar esa imaxe de continuidade.

Liberarase a zona hoxe ocupada polo parque de skate, acadando un espazo aberto que servirá de antesala á capela e de conexión coa ponte e a Oficina de Turismo. Isto favorecerá as conexións peonís desde distintos puntos da cidade cara a este conxunto patrimonial, creando un espazo máis humano, pensado para o desfrute de veciños e visitantes.

Construirase un novo parque de skate no barrio do Couto, medida que resultará beneficiosa para os afeccionados a esta actividade, que contarán cun espazo propio para a práctica deste deporte, máis adaptado e mellor integrado na contorna urbana.

Ademais, habilitarase un miradoiro, elevado respecto á estrada N-120, desde o que contemplar as vistas sobre a Ponte Vella, o río Miño e toda a área da capela. Tamén se reformará a baixada cara ao Paseo das Ninfas, creando un camiño máis accesible.

En canto ás obrigas das partes, a Consellería de Cultura e Turismo supervisará e aprobará o proxecto e realizará o seguimento técnico das obras; a Axencia Galega de Infraestruturas licitará e contratará as obras e achegará o financiamento preciso e o concellos porá a disposición os bens e terreos precisos e recibirá as actuacións unha vez executadas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO PARA A EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DA AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE FERROL, CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 57 MILLÓNS DE EUROS

- *As obras previstas desenvolveranse nos edificios do Hospital Arquitecto Marcide e do Hospital Naval, situados en Catabois*
- *No Hospital Arquitecto Marcide realizarase a ampliación dos edificios este e sur, a reforma parcial da planta semisoto para situar o novo servizo de radioloxía e a urbanización circundante a estas áreas*
- *O edificio sur albergará a nova central de instalacións, a xerencia, a dirección e a administración; e o leste albergará a cociña, os vestiarios, urxencias, a farmacia, os gabinetes, os servizos de nefroloxía, pediatría e a UCI e a nova hospitalización.*
- *A superficie do predio do Hospital Arquitecto Marcide atópase practicamente ocupada, polo que, para poder abordar as ampliacións necesarias cómpre, recolocar algúns servizos de modo provisional*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a execución da primeira fase da ampliación do Complexo Hospitalario de Ferrol, cun orzamento de preto de 57 millóns de euros.

O proxecto enmárcase no Plan director do Completo Hospitalario Universitario de Ferrol, que determina as obras que hay que realizar para a mellora e modernización do centro hospitalario.

As obras previstas nesta primeira fase desenvolveranse nos edificios do Hospital Arquitecto Marcide, no actual predio de 35.248 m², e do Hospital Naval, nun solar de 52.463 m², situados en Catabois.

No Hospital Arquitecto Marcide realizarase a ampliación mediante a construción dos novos edificios leste e sur, a reforma parcial da planta semisoto para situar o novo servizo de radioloxía e a urbanización circundante a estas áreas.

O edificio sur albergará a nova central de instalacións, a xerencia, a dirección e a administración; e o leste albergará a cociña, os vestiarios, urxencias, a farmacia, gabinetes e os servizos de nefroloxía, pediatría e UCI e a nova hospitalización.

Reordenación provisional de servizos

A superficie do predio do Hospital Arquitecto Marcide atópase practicamente ocupada na súa totalidade, polo que, para poder abordar as ampliacións necesarias, cómpre recolocar algúns servizos de modo provisional para realizar as demolicións

correspondentes e crear os espazos para as novas localizacións das áreas funcionais con necesidades prioritarias.

O proxecto recolle tamén as reformas interiores que hai que acometer no Hospital Naval que permitirán habilitar os espazos necesarios para os traslados provisionais de determinados servizos dende o Hospital Arquitecto Marcide.

Valórase a intervención para a realización da área de farmacia deste hospital e unha zona lindeira que terá o carácter de farmacia provisional, xa que a farmacia central do CHUF se situará no Hospital Arquitecto Marcide unha vez rematadas as obras da fase 1.

Tamén se executarán as obras para o Laboratorio de Microbioloxía e para o Hospital de Día Oncohematolóxico. Ambos se atopan no Hospital Arquitecto Marcide e o Plan Director prevé a súa localización definitiva no devandito centro, pero é necesario o seu traslado provisional para poder dispoñer dos espazos para a execución das obras.

A XUNTA IMPULSARÁ A MOBILIZACIÓN DE 8M € EN PROXECTOS NON AGRÍCOLAS DE AUTÓNOMOS E EMPRENDEDORES NO MEDIO RURAL

- *A través da nova edición do Galicia Rural Emprende, a Consellería de Economía, Emprego e Industria pretende apoiar 70 iniciativas que facilitarán a creación de 200 empregos*
- *Son actividades industriais vencelladas a sectores como automoción, téxtil, aeronáutico, ambiental, TIC, audiovisual ou pedra natural*
- *Ao abeiro das dúas anteriores convocatorias aprobáronse 118 proxectos que están mobilizando preto de 13M € e que permiten a creación e mantemento de 285 empregos*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará a comezos do próximo ano unha nova edición do programa Galicia Rural Emprende, que achegará axudas por valor de 4 millóns de euros ao redor de 70 proxectos de autónomos e emprendedores que mobilizarán investimentos que acadarán os 8 millóns e que posibilitarán a creación de 200 empregos.

Con esta nova convocatoria, a Xunta reforza esta liña de apoio ao emprendemento, desenvolvida polo Igape e cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) co obxectivo de seguir estimulando o tecido empresarial galego e fomentar a xeración de emprego mediante o apoio á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais.

Entre as actividades industriais prioritarias que o Galicia Rural Emprende pretende impulsar figuran as de sectores como automoción, téxtil, aeronáutico, químico, ambiental, TIC, audiovisual, pedra natural e industrias creativas, entre outras. O importe das axudas mínimas concedidas por beneficiario é de 20.000 euros e o das máximas é de 70.000. Os investidores que se acollan a esta liña de apoios desenvolverán os seus plans empresariais de negocio en 18 meses e recibirán un adianto do 60% da axuda concedida, logo da notificación da resolución e a acreditación do dito plan. O prazo para presentar solicitudes abrírase o 4 de xaneiro e manterase aberto durante dous meses.

Ao abeiro das dúas anteriores convocatorias (2017 e 2018), este programa impulsou 118 proxectos empresariais de emprendedores e autónomos, coa concesión de axudas por importe de 7 millóns de euros vinculadas ao compromiso de creación e mantemento de 285 postos de traballo por parte das iniciativas apoiadas. Estas actuacións están a mobilizar preto de 13M €.

Co mesmo obxectivo, pero sen focalizar a acción no ámbito rural, a Xunta vén desenvolvendo, tamén a través do Igape, o programa Galicia Emprende, que desde o

ano 2010 facilitou a aprobación de 432 proxectos emprendedores. Nos dous últimos anos, e á espera da resolución da segunda convocatoria do ano 2018 do Galicia Emprende, a Xunta concedeu axudas a 269 proxectos, a través dos programas Galicia Emprende e Galicia Rural Emprende, cunha mobilización de preto de 30M €.

O HISTÓRICO BALNEARIO DE CORTEGADA REHABILITARASE PARA ACOLLER UNHA ÁREA MUSEÍSTICA E HOSTELEIRA AO CARÓN DO MIÑO

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio entre Cultura e Turismo e o Concello ourensán que contribuirá a pór en valor unha das infraestruturas máis emblemáticas da historia termal de Galicia*
- *Dotarase o edificio dun uso sociocultural e recuperarase a cafetería e a terraza con vistas ao río situada no primeiro andar*

Coa intención de poñer en valor unha das infraestruturas máis emblemáticas da historia termal de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Cortegada impulsarán o proxecto de rehabilitación do edificio Baños de Cortegada ao abeiro dun convenio de colaboración entre ambas institucións que obtivo hoxe o visto e prace do Consello da Xunta.

Dotarase dun uso sociocultural ao edificio, incluíndo unha área museística e de reunións e, en virtude da aplicación do Plan especial do Parque Termal de Cortegada, manterase o seu uso hostaleiro cunha cafetería no seu primeiro andar e na terraza con vistas ao río Miño.

Para a súa posta a punto, a Xunta de Galicia investirá 400.000 euros en 2019 con actuacións que mellorarán a súa accesibilidade e incluírán, entre outros, a incorporación de servizos como un ascensor, aseos e unha cociña con almacén que servirá á cafetería. Manterase diáfana a maior parte do edificio de maneira que se conserve o espírito desta infraestructura, con espazos abertos ao río.

Ademais de pór en valor este edificio, coa súa rehabilitación dotaranse de servizos complementarios os turistas e visitantes que se acheguen a Cortegada e á provincia de Ourense. Impulsarase así o seu potencial como destino termal e completarase deste xeito a súa oferta de turismo de natureza e enogastronómico como un dos concellos que forman parte da Denominación de Orixe do Ribeiro.

O Goberno galego leva anos afondando nas múltiples oportunidades que brinda o termalismo ante o crecente interese nacional e internacional polo turismo tranquilo e de benestar coa posta en marcha do Plan de Turismo Termal e do Plan de Turismo de Saúde, aliñados coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020. Por iso aposta pola calidade dos establecementos termais, polo fomento da innovación, pola mellora das infraestruturas así como pola promoción e formación neste eido. Ao mesmo tempo, traballa pola desestacionalización da demanda, especialización da oferta e diversificación dos fluxos por todo o territorio.

O proxecto enmárcase nestes obxectivos ao potenciar esta comarca do interior de Galicia grazas ao turismo termal e de natureza, unha tipoloxía que contribúe á repartición de visitantes ao longo de todo o ano. Dáse continuidade, ademais, aos investimentos e actuacións realizadas pola Xunta neste concello relacionadas co termalismo. Salientan, entre outras, a posta en marcha dun edificio para actividades lúdico-termais nun novo edificio que hoxe en día está en funcionamento en terreos próximos aos Baños de Cortegada ou os labores de acondicionamento e sinalización turística de todo o paseo desde o centro da vila ata o antigo balneario.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS Á ATENCIÓN RESIDENCIAL, TERAPÉUTICA E EDUCATIVA DE MENORES CON MEDIDAS XUDICIAIS

- *Autorízase a convocatoria do proceso de selección das entidades sen ánimo de lucro que se encargarán destes servizos no complexo ourensán de Montealegre e nos Centros de Intervención Educativa en Medio Aberto de Lugo, Pontevedra e Ourense*
- *Incrementábase a partida económica destinada a estes centros nun 9% no caso da atención en medio aberto e ata un 13% para a atención aos menores con medidas privativas de liberdade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio dos procedementos de selección das entidades sen ánimo de lucro que se ocuparán da atención residencial, educativa e terapéutica de menores con medidas xudiciais privativas de liberdade no complexo ourensán de Montealegre, formado polos centros de Monteledo e Montefiz, así como nos Centros de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA) de Lugo, Ourense e Pontevedra. O Goberno galego investirá máis de 11 millóns de euros en garantir estes dous servizos ata o ano 2021, con posibilidade de prórroga ata un máximo de catro.

Cómpre salientar que, para reforzar a actuación que se leva a cabo nestes centros, a partida económica incrementábase de xeito considerable. En concreto, aumenta un 13% a partida orzamentaria destinada aos centros Monteledo e Montefiz, ata acadar os 9,3 millóns de euros; e un 9% a consignada para os CIEMA de Lugo, Ourense e Pontevedra, superando o 1,8 millóns de euros.

O complexo Montealegre dispón na actualidade de 23 prazas no centro Montefiz e doutras 37 no de Monteledo. Ademais dos servizos terapéuticos e de intervención educativa, o convenio para este recurso inclúe tamén a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas. As medidas de internamento perseguen dispoñer dun ambiente coas condicións educativas axeitadas para a reinserción do menor, mediante a adquisición das habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social unha vez finalizada a medida xudicial.

No que atinxe aos CIEMA de Lugo, Ourense e Pontevedra, a finalidade é preparar aos mozos e mozas con medidas xudiciais non privativas de liberdade para a vida independentes a través do apoio continuado e o desenvolvemento de habilidades. Entre as atencións que se prestan aos menores nestes centros están a execución das medidas de tratamento ambulatorio, asistencia a centro de día, permanencia fin de

semana, liberdade vixiada, convivencia con persoa familia ou grupo educativo, prestacións en beneficio da comunidade e tarefas socioeducativas, entre outras.

A XUNTA ABRE A POSIBILIDADE DE SOLICITAR A TARXETA BENVIDA XA DESDE O EMBARAZO

- *Non será necesario esperar ao nacemento para comezar os trámites, o que ademais permitirá reducir o prazo para recibir a resolución favorable*
- *Consígnanse 36 millóns de euros para renovar esta axuda para as galegas e galegos nados no ano 2019*
- *Máis de 40.000 menores recibiron esta prestación deste a súa creación en 2016*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dar continuidade ao programa da Tarxeta Benvida coa novidade de que por primeira vez esta axuda económica para a crianza dos fillos e fillas poderá solicitarse xa desde o embarazo, polo que non será necesario esperar ao nacemento para comezar os trámites. Ademais, esta mellora supón que se reduce a un mes a espera para obter unha resolución favorable.

Desde a súa creación en 2016, máis de 40.000 nenas e nenos galegos recibiron esta prestación para a que se consigna agora unha contía superior aos 36 millóns de euros, co fin de atender as nacementos que teñan lugar durante o vindeiro ano 2019.

Durante o primeiro ano da nena ou neno a tarxeta virá cargada con 1200 euros, que se distribuirán en dous pagamentos: un en 2019 e outro en 2020. Poderán acceder a ela os pais naturais ou con menores en adopción ou garda con fins adoptivos, e tamén as familias galegas que residan no exterior e decidan volver a Galicia no 2019. Para estas últimas, o prazo de solicitude rematará dous meses despois do retorno.

Para acceder a esta axuda a renda anual familiar deberá ser inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.500 euros *per cápita*. A tarxeta está destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacéuticos. Neste sentido, pode empregarse en establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia, así como nas farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación.

A novidade acordada hoxe polo Goberno galego súmase á implantada o ano pasado cando se estendeu a Tarxeta Benvida ata o terceiro ano de vida da nena ou neno para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior aos 22.000 euros. Dende entón, concédense ao ano 600 para o primeiro fillo ou filla, 1200 euros para o segundo e para o terceiro e sucesivos 2400 euros.

Cómpre indicar que arredor de 8 de cada 10 familias galegas con fillos pequenos compren cos requisitos para acceder á Tarxeta Benvida. De feito, cada ano unhas

15.000 nenas e nenos se benefician desta axuda, e estímase que 9000 deles poidan recibila ata que cumpran os tres anos.

Este programa forma parte do Plan de apoio á natalidade (PAN Galicia), folla de ruta da Xunta para converter Galicia na mellor comunidade para formar unha familia mediante medidas concretas que supoñan un apoio integral ás familias. A este plan responde o aumento constante de prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, que desde o ano 2009 ata a actualidade practicamente se duplicou, ata chegar hoxe a máis de 24.000.

Medidas innovadoras

Outras iniciativas innovadoras no ámbito da atención á primeira infancia e a conciliación que teñen permitido situar a ratio de cobertura de escolas infantís no 42%, nove puntos por riba da óptima recomendada pola Unión Europea son: o Bono Concilia, para axudar a pagar unha praza concertada a aquelas familias que non puidesen acceder a unha pública; as Casas Niño no rural e as axudas para implantar recursos de atención á primeira infancia nas contornas laborais.

Así mesmo, o PAN Galicia inclúe outras medidas como o Bono Coidado, co que as familias poden pagar un coidador en circunstancias puntuais e que o vindeiro ano permitirá abonar servizos como ludotecas; as deducións fiscais por nacemento ou adopción; a prestación de pagamento único por fillos menores de tres anos; a exención de pago en escolas infantís para o segundo fillo que vaia ao mesmo centro nas familias con menores rendas; e a bonificación nas taxas das escolas infantís do 25% para o segundo fillo e do 50% no terceiro e sucesivos.

A XUNTA ACHEGARÁ 11,6 MILLÓNS DE EUROS NO 2019 PARA COLABORAR COS CONCELLOS NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- *A colaboración cos municipios fai especial fincapé nas actuacións preventivas, mediante a xestión da biomasa vexetal, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes*
- *Esta medida dá cumprimento tamén ao establecido polo ditame da comisión parlamentaria forestal, que a Consellería do Medio Rural está a aplicar*

A Xunta destinará un total de 11,6 millóns de euros o vindeiro ano para financiar os convenios de colaboración coas entidades locais galegas en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Estes fondos servirán para reforzar a loita contra os lumes a través dunha serie de actuacións por parte dos concellos. Así, por medio destes convenios, as motobombas municipais participarán na defensa contra os incendios baixo o dispositivo da Xunta e os traballadores dos concellos realizarán tratamentos preventivos de xeito mecanizado en vías de titularidade municipal. Ademais, as brigadas pasarán a formar parte do operativo autonómico realizando actuacións de defensa, de extinción e de prevención, mediante rozas de xeito manual.

A colaboración cos municipios fai especial fincapé nas actuacións preventivas, mediante a xestión da biomasa vexetal coa aplicación de tratamentos silvícolas, para diminuír a carga de combustible no propio monte e en áreas adxacentes. Con estes traballos preténdese crear discontinuidades horizontais e verticais, de xeito que se consigan modelos nos que o lume, en caso de producirse, avance con máis lentitude, menor intensidade e con chamas de menor lonxitude.

O obxectivo de todas estas actuacións é o de anticiparse aos lumes e reducir ao mínimo as súas consecuencias, tanto ecolóxicas como económicas e sociais. Con isto, acadarase un beneficio para o monte, en particular, e para toda a sociedade galega en xeral.

Esta colaboración coas administracións locais enmárcanse, ademais, no establecido polo ditame da comisión parlamentaria forestal que a Consellería do Medio Rural está a aplicar. Así, cabe lembrar que o Goberno galego acaba de modificar a estrutura orgánica da consellería para separar a prevención e defensa contra incendios da planificación e ordenación forestal, dando tamén cumprimento ás recomendacións da Cámara galega. Así mesmo, recentemente quedou constituída a comisión de expertos

creada por indicación do devandito ditame que se encargará de definir as melloras necesarias no dispositivo de prevención, defensa e extinción de lumes.

XUNTA, FEGAMP E DEPUTACIÓNS RENOVAN A COLABORACIÓN PARA O MANTEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

- *O Consello aprobou hoxe o novo convenio de colaboración, que substitúe o acordo vixente desde 2013*
- *O Goberno galego destinará ao financiamento dos GES preto de 13,7 millóns de euros*
- *A administración autonómica está a traballar para mellorar e completar o mapa de emerxencias, co obxectivo de prestar unha atención máis rápida e eficaz*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo convenio de colaboración entre Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais para seguir mantendo e mellorando o funcionamento dos grupos de emerxencia supramunicipal (GES).

Este convenio substitúe o anterior, que estaba vixente desde 2013. Nesta ocasión, o acordo será de carácter trienal e suporá un investimento por parte do Goberno galego de 13,7 millóns de euros -cofinanciados polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader)- para o financiamento destes grupos de intervención, o que supón o 52,5% por cento do total do seu custo.

Así se acordou entre Xunta, Fegamp e deputacións provinciais durante as reunións que se mantiveron co fin de acadar o máximo consenso á hora de renovar o convenio para o mantemento destes grupos de intervención, que prestan un servizo fundamental na atención ás emerxencias.

A Xunta manifestou desde o primeiro momento o seu máximo compromiso cos GES, uns servizos competencia de concellos e deputacións segundo a Lei de emerxencias, pero que o Goberno galego considera esenciais, de aí que veña colaborando no seu financiamento desde a súa creación en 2013.

O novo convenio recolle, ademais do acordo en materia de financiamento, a delimitación de funcións destes grupos de intervención para que estean especializados en tarefas de prevención de emerxencias e de protección civil.

Entre as súas funcións, pode destacarse a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, en coordinación co distrito forestal ou co parque comarcal de bombeiros, en función do tipo de lume; prácticas preventivas nos terreos forestais, camiños e espazos públicos para previr incendios; actuacións de prevención de pragas, como a vespa *velutina*; ou intervencións en situacións *de risco* e de emerxencia para manter a rede de estradas ou en situacións

derivadas de riscos naturais. Os GES tamén poden manter colaboracións con protección civil ante calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou o medio.

Ademais de colaborar no seu mantemento, cómpre recordar que a Xunta tamén inviste en equipamento e formación deste persoal. Así, por exemplo, a Xunta ten achegado nos últimos tres anos máis de 2,7 millóns de euros en material e medios de diversa tipoloxía para GES.

Esta aposta por seguir consolidando estes servizos inscríbese no compromiso da Xunta por seguir mellorando e completando o mapa das emerxencias de Galicia para reducir as zonas de sombra, co obxectivo de prestar unha atención máis áxil e eficaz á cidadanía. Para avanzar neste obxectivo, os orzamentos autonómicos consignan para 2019 un importante aumento no eido das emerxencias, cuxa partida se incrementa en case un 18% fronte ao ano pasado.